



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	☐ Home ☐ Muller		
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras comunidades de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use cintas correctoras).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



2021410001

Celga



Certificado
Lingua
Galega

4



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-A-I-21



Proba A1

Vostede colabora cunha revista da súa vila e pídenlle que escriba un artigo para o vindeiro número. Logo de ver este vídeo, decide tratar o tema das vivendas sociais en Galicia. Nese **artigo**, de **400 palabras**, ha de incluír os seguintes puntos:

- Contar cando e por que se empezaron a construír as casas baratas en Galicia e indicar como eran.
- Expoñer como se foron transformando estas zonas urbanas co paso do tempo.
- Explicar como as vivencias nestes barrios lles serviron de inspiración a distintos artistas.
- Propoñer solucións para os problemas de vivenda que hai na actualidade e valorar se este tipo de construcións poden ser un referente.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede está asistindo a un curso de arte e ten que redactar un traballo para entregar na vindeira semana. Despois de ler as seguintes reportaxes, decide tratar o tema da arte urbana. Nese **traballo**, de **400 palabras**, debe:

- Definir que é a arte urbana, explicar por que xurdiu e cal é a súa finalidade social e estética.
- Expor se lle parece xustificado que nalgúns casos se fale de vandalismo e non de arte urbana.
- Presentar a obra de Joseba Muruzábal e salientar a súa contribución á dignificación da muller galega.
- Argumentar se está a favor ou en contra deste tipo de manifestacións artísticas.

A arte urbana



Moitos movementos artísticos naceron por unha necesidade de expresar, de transmitir pensamentos e crenzas sociais e culturais. A arte urbana, ao integrar os seus elementos en lugares públicos, pretende sorprenden os espectadores. Adoita ter unha mensaxe subversiva e invita á loita social, á crítica política ou, simplemente, á reflexión. Porén, non todos os artistas buscan transmitir un pensamento, algúns son espontáneos e crean sen pensar demasiado en que é o que desexan transmitir, déixanse levar pola mera estética.

Os temas utilizados polos artistas urbanos son diversos, aínda que a maioría buscan provocar e persuadir a sociedade, chamar a atención é o seu obxectivo. Moitos dos temas teñen que ver con personaxes emblemáticos da actualidade e do pasado, coa política ou simplemente con temas varios.

Considérase arte urbana todo aquilo que engloba as diferentes expresións artísticas que se representan na rúa como forza de protesta ou como simple representación

artística dun aspecto da cultura popular ou tradicional dunha zona concreta ou simplemente dos movementos sociais máis predominantes en cada territorio. E isto pódese reflectir en distintas variantes: graffitis, esculturas, instalacións, teatro ou música na rúa etc.

Nos últimos tempos, esta expresión artística converteuse nunha alternativa para recuperar os espazos grises das cidades e crear unha conexión cos habitantes, ademais de fortalecer a identidade social.

Por outra banda, este tipo de arte axuda a descubrir talentos locais que traen consigo unha nova visión, pero sobre todo creatividade pura que se representa por medio dos seus trazos, cores e debuxos. Ao plasmar esta visión nun espazo público, logra enviar unha mensaxe á sociedade.



Non hai moito, e nalgúns casos aínda hoxe en día, estas manifestacións artísticas eran confundidas con vandalismo, pero pouco a pouco tomaron forza e lugar dentro da sociedade e mesmo chegaron a converter algunhas rúas nun gran museo cheo de cor. Cando esta arte se practica sobre edificios esquecidos, revíveos e embeléceos. Ten o mesmo efecto en construcións ou grandes zonas e provoca que as persoas reparen en lugares que antes lles pasaban desapercibidos.

A transformación dun espazo a través da arte ten como principal obxectivo a participación e a cooperación activa da cidadanía. E, grazas á interacción e ao uso do diálogo que se logra con estas manifestacións artísticas, créanse fortes lazos entre os membros da comunidade.

Texto adaptado e traducido de *Arboleda.mx*

Os poderes das avoas

Ao longo dos 180 quilómetros da estrada nacional 550, que cruza Galicia desde A Coruña ata Tui, non é raro atopar señoras de mandilón traballando nas hortas, paseando pola beiravía con carretillas ou vendendo ao bordo da estrada os produtos que cultivan. En Galicia, polo seu carácter rural e costeiro, a muller achégalle á economía familiar unha axuda imprescindible, xa sexa sachando ou mariscando. E esas mulleres foron a inspiración de Joseba Muruzábal, un artista cambrés de 33 anos que sementou as súas pinturas colosais por distintas vilas galegas. De súpeto, emerxen unhas xigantescas heroínas de avanzada idade, avoas galegas con superpoderes que soben polas paredes, inmortalizadas a toda cor en medianeiras de edificios, en localidades coma Ordes, Cambre, Carballo, Muxía ou Santiago.

“Fenómenos do rural” é o nome que recibe a serie de obras que retratan esas señoras con mandilón de cadros, o que para Joseba, que asina as súas obras como Yoseba MP, debería ser o uniforme nacional galego, por se tratar dun elemento iconográfico da nosa terra. “O obxectivo destas imaxes —explica o artista— é dar testemuño do traballo que desempeñan estas mulleres nos seus fogares e da relevancia que teñen na súa contorna”. E é a súa mentalidade de traballo e a súa forza para executalo fóra do normal o que as converte en supermulleres.

Cada unha das modelos ten a súa historia. Para traballar os seus monumentais murais, o primeiro que fai é falar coas paisanas, elas cóntanlle as súas historias e el déixaa que se estendan para captar a idea que logo plasmará nas súas obras.



O artista logra convencer as avoas a través dos seus netos e de amigos que ten por Galicia. A serie comezou en Ordes coa **Greleira de 50 pés**. A ruta do grelo é un tramo da estrada antes de entrar en Ordes, onde as mulleres venden os seus grelos en postos preto da estrada ou na porta das súas casas. Lola, que así se chama a modelo, é a avoa dunha amiga de Cambre que aparece suxeitando un feixe de grelos en cada man.



A maior das modelos con que traballou é **Carme da depuradora, Lady Falcón**. “Ten 95 anos de bo humor”. “O seu home —relata o pintor— traballaba na depuradora de auga das Pontes. Ata entón, había moita pobreza. Agora é viúva desde hai 20 anos e, como homenaxe, pinteina subida a un depósito de auga como o que hai en moitas casas de Galicia, esas bólas bicolor”.



Soledad, a Poppins de Sar, a número 12 da lista de avoas con superpoderes, ten o seu mural no número 13 da avenida Romero Donallo de Santiago. Está inspirada en Soledad, unha avoa que xa faleceu e que o artista coñeceu a través da súa neta, quen afirma que “hai miles de anécdotas na súa vida que a converten en heroína”. Ela ten o superpoder de volver da compra voando coma Mary Poppins “porque en Santiago unha señora do Sar con superpoderes ten que saber voar con paraugas”.

En definitiva, os “Fenómenos do Rural” son unha oda á muller galega e unha metáfora da súa realidade. O artista recréase na idea da heroína galega e utiliza as mulleres do rural, as superavoaas, como epicentro para celebrar a forza infinita e o poder sobrenatural das mulleres que coidan a terra e o seu contorno habitual. Constitúe, sen dúbida, unha obra de incalculable valor tanto desde o punto de vista artístico coma social que, co seu hiperrealismo contemporáneo, co seu xogo de conceptos en clave de humor e coa mestura entre o cómic de superheroes e o rural feminizado, celebra o cotián cun estilo xenuíno e poderoso.

Texto adaptado e traducido de *El Periódico*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
A1	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A2	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

